



CONCELLOS

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldía-presidencia do Concello de Rábade de data **7 de maio de 2020** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de abril de 2020**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 7 de maio de 2020.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0841

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobados por Decretos da Alcaldía de datas 30 abril 2020 (padrón do 4º Trimestre de 2019 do servizo de abastecemento de auga, canon, sumidoiros e recollida de lixo) e 8 maio 2020 (padrón da taxa polo Servizo de axuda no fogar do mes de abril de 2020), por medio do presente expóñense ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei. No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa exixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 8 de maio de 2020.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 0842

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 07/05/2020, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a ABRIL de 2020, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello no Banco Santander ou BBVA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 7 de maio de 2020.-O ALCALDE, Julio Gallego Moure.

R. 0843

VILALBA

Anuncio

Decreto de S. S^a a alcaldesa don Elba Veleiro Fernandez.

ASUNTO: Nomeamento de alcaldes de barrio do Concello de Vilalba. Expte 1146/2020

Visto que a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local refírese á organización complementaria do municipio no *seu art. 20* indicando nos seus *apartados 2º e 3º* que as leis das Comunidades Autónomas sobre o Réxime Local poderán establecer unha organización municipal complementaria á prevista no apartado 1º, e que os propios municipios, nos Reglamentos orgánicos, poderán establecer e regular outros órganos complementarios, de conformidade co previsto nas leis das Comunidades Autónomas indicadas.

Visto que, o art. 20 do RDLeg 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, determina expresamente que en cada un dos poboados e barriadas separados do casco urbano e que non constitúan Entidade Local, o Alcalde/sa poderá nomear un representante persoal entre os veciños residentes no mesmo.

Visto que desde o punto de vista reglamentario, o art. 122 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, igualmente indica que non só en cada un de os poboados e barriadas e separados do casco urbán e que non constitúan Entidade Local, senón naquelas cidades no que o desenvolvemento dos servizos así o aconselle, a Alcaldesa poderá nomear un representante persoal entre os veciños residentes nos mesmos.

Como desenvolvemento indícase que a duración do cargo estará suxeita á do mandato da Alcaldesa que o nomeou, quen poderá removelos cando o xulgue oportuno; devanditos representantes terán o carácter de autoridade no cumprimento dos seus cometidos municipais, en canto representantes da Alcaldesa que lles nomeou.

Visto o Artigo 73 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia que di:

“1. Nos núcleos de poboación separados do centro urbano e que non constitúan Entidade Local, o Alcalde poderá nomear un Alcalde de Barrio para cada núcleo entre os veciños que residan neste.

2. O Alcalde tamén poderá nomear Alcaldes de Barrio nas cidades en que os servizos requiran esta designación. Cada Alcalde de Barrio terá que ser veciño daquel no que exerza as súas funcións.

3. A duración do cargo estará suxeita á do mandato do Alcalde que o nomeou, quen poderá removerlle cando o xulgue oportuno.

4. Os Alcaldes de Barrio terán carácter de autoridade no cumprimento dos seus cometidos habituais, en canto representantes do Alcalde que os nomeou.

Visto que aos efectos de atender con maior eficacia e agilidade as inquietudes e necesidades que xurdan no seo das comunidades veciñais, facilitando a participación cidadá, e coa finalidade de incentivar a maior fluidez na relación e información cos veciños, considero a conveniencia de designar en determinadas parroquias como alcalde de barrio a un veciño das mesmas, que actúe como o meu representante persoal.

En virtude do exposto e das facultades que me confire a normativa antes exposta

Por todo ou exposto, no exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire a esta Alcaldía, así como adopción de decisións en situacións de catástrofe ou de infortunios públicos ou grave risco previstas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear alcalde/sa de barrio como representante persoal da Alcaldesa na parroquia de SAN SIMÓN DA COSTA, separada do casco urbano e que non constitúe entidade local, a D./D^a JOSÉ RAMÓN FREIRE BARRIO, veciño/a residente no mesmo, con DNI n.º 33797603T.

SEGUNDO.- Nomear alcalde/sa de barrio como representante persoal da Alcaldesa na parroquia de MOURENCE, separada do casco urbano e que non constitúe entidade local, a D./D^a MARÍA JOSEFA REY MARIÑO, veciño/a residente no mesmo, con DNI n.º 33315290C.

TERCEIRO.- Nomear alcalde/sa de barrio como representante persoal da Alcaldesa na parroquia de ÁRBOL, separada do casco urbano e que non constitúe entidade local, a D./D^a JOSÉ GARCÍA ANIDO, veciño/a residente no mesmo, con DNI n.º 33855304V.

CUARTO.- Nomear alcalde/sa de barrio como representante persoal da Alcaldesa na parroquia de ROMÁN, separada do casco urbano e que non constitúe entidade local, a D./D^a ARTURO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, veciño/a residente no mesmo, con DNI n.º 33848513B.

QUINTO.- Nomear alcalde/sa de barrio como representante persoal da Alcaldesa na parroquia de SAMARUGO, separada do casco urbano e que non constitúe entidade local, a D./D^a JOSÉ ÁNGEL RÍO VÁZQUEZ, veciño/a residente no mesmo, con DNI n.º 33332813V.

SEXTO.- Nomear alcalde/sa de barrio como representante persoal da Alcaldesa na parroquia de ALBA, separada do casco urbano e que non constitúe entidade local, a D./D^a JORGE FRANCISCO GONZÁLEZ GARCÍA, veciño/a residente no mesmo, con DNI n.º 33316604T.

SÉPTIMO.- Nomear alcalde/sa de barrio como representante persoal da Alcaldesa na parroquia de RIOAVESO, separada do casco urbano e que non constitúe entidade local, a D./D^a JESÚS MARÍA ROUCO CILLERO, veciño/a residente no mesmo, con DNI n.º 33820380F.

OITAVO.- Nomear alcalde/sa de barrio como representante persoal da Alcaldesa na parroquia de CARBALLIDO, separada do casco urbano e que non constitúe entidade local, a D./D^a CARLOS FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, veciño/a residente no mesmo, con DNI n.º 76571596L.

NOVENO.- Nomear alcalde/sa de barrio como representante persoal da Alcaldesa na parroquia de SANTABALLA, separada do casco urbano e que non constitúe entidade local, a D./D^a ÁNGEL SOUTO REGO, veciño/a residente no mesmo, con DNI n.º 33826275Z.

DÉCIMO.- Nomear alcalde/sa de barrio como representante persoal da Alcaldesa na parroquia de CODESIDO, separada do casco urbano e que non constitúe entidade local, a D./D^a BENJAMÍN SALGUEIRO YÁÑEZ, veciño/a residente no mesmo, con DNI n.º 33310474B.

UNDÉCIMO.- Nomear alcalde/sa de barrio como representante persoal da Alcaldesa na parroquia de LANZÓS, separada do casco urbano e que non constitúe entidade local, a D./D^a MARÍA JOSEFA MILAGROS ARES BASANTA, veciño/a residente no mesmo, con DNI n.º 33646138V.

DUODÉCIMO.- Nomear alcalde/sa de barrio como representante persoal da Alcaldesa na parroquia de OLEIROS, separada do casco urbano e que non constitúe entidade local, a D./D^a PABLO GRANDE GENTIL, veciño/a residente no mesmo, con DNI n.º 33834287E.

DECIMOTERCERO.- Notificar a presente resolución aos interesados e remitir anuncio da mesma ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, así como que se publique *no taboleiro de edictos municipal e na web municipal*.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno Municipal na seguinte sesión ordinaria que celebre.

Mandao e asiano a S. S^a a alcaldesa, do que eu Secretaria, dona Ana María Rubiera Álvarez, dou fe.

R. 0844

XERMADE

Anuncio

APARICIÓN DE RESES MOSTRENCAS EN XERMADE

O pasado 9 de abril de 2020 persoal municipal recolleu tres equinos de propietario/a descoñecido/a na parroquia de Momán.

Dende aquela data os animais atópanse na parroquia de Cabreiros, ao coidado de Fernando Bello Pita, na súa condición de depositario.

Consonte a normativa aplicable (artigo 86.4 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia; e artigo 28 do Decreto 142/2012, do 14 de xuño, que regula o destino dos bens mostrencos), ábrese un período de información pública de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que as persoas propietarias as reclamen.

No caso de que ninguén as reclame, o Concello procederá consonte ao artigo 28.1 do Decreto 142/2012.

Xermade, 8 de maio de 2020.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0845
